

## **Nin todos os que beben viño son enólogos, nin todos os que comen ou cultivan cogomelos, micólogos**

En Vigo, 12 de Decembro de 2019

Cando chega o outono unhas persoas van vendimar, outras cazar e, algunhas apañar cogomelos, por iso a nivel social óuvense conversas nas que se usan conceptos e frases que non son adecuados. Por exemplo, a maior parte das persoas consideran normal referirse ás perdices, aos pasallás, ás rolas, etc. polo seu nome e non polo nome xenérico de aves ou paxaros e, sen embargo cando se refiren aos cogomelos non consideran importante saber o que é unha cantarela, unha zarrota, un niscalco, un coprino ou un champiñón. Non obstante, a confusión entre un ave e outra non provoca intoxicación algunha cando se consomé, nos cogomelos pode ser que si!

É tan absurdo dicir «**imos comer cogomelos**» como diante dunha deliciosa ensalada composta por varios vexetais se dixera «**imos comer herbas**» ou nas citadas perdices, «**imos comer animais**».

Outra palabra mal utilizada e mal interpretada é a de «micólogo» para referirse a unha persoa, máis ou menos experta no coñecemento de cogomelos, tanto por diferenciar comestibles e tóxicos como por saber cultivar os mesmos. Grave erro.

É como se a un bebedor de viño o consideramos enólogo, porque sabe diferenciar un bon dun mal viño ou chamamos zoólogo, a un cazador por distinguir unha rola dunha perdiz ou ecólogo ao que lle gusta a natureza e a defende. No primeiro caso é un enófilo, no segundo, un cazador e no terceiro, un ecoloxista ou naturalista. No caso dos cogomelos pode ser un micófago ou micocultor, respectivamente.

Os vocablos que acaban en “logo” como micólogo, zoólogo, biólogo, enólogo, ... refírense a profesionais en determinadas áreas de coñecemento. A micoloxía é unha ciencia que comprende e estuda mais temas que a identificación e o cultivo dos cogomelos; a enoloxía trata de todo o proceso de elaboración dos viños, a zooloxía estuda os animais e non só identifica especies e, a bioloxía, está referida a innumerables campos como a micoloxía e a zooloxía, pero tamén á microbioloxía, á botánica, á inmunoloxía, á xenética...

Os micólogos, enólogos, zoólogos, biólogos... formáronse nas universidades co fin de capacitarse para exercer esas profesións, son enxeñeiros, licenciados ou graduados, **especializados neses temas**, e os investigadores profesionais teñen a titulación de doutor. É dicir, realizaron carreiras superiores para estar capacitados profesionalmente e non só leran e/ou usaran algunha cousa en traballos e medios, máis ou menos especializados.

Andrés Cordeiro

*Administrador de MycoGalicia Plantae (EBT da Universidade de Vigo)*